

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 23 de maio de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas para demolición interior, consolidación estrutural e reconstrución de cuberta de edificación destinada a uso de vivenda, co fin de evitar a progresiva deterioración e probable colapso futuro dela, sita en solo urbano, na rúa Fermín Rivera, número 8 e para a construción de alpendre para almacén de ferramenta e apeiros de labranza na parcela 158, polígono 65.

Acórdase a denegación de licenza para construír un entresollado independente, sen uso definido, no edificio construído coa licenza de obras 249/1992, sito na rúa Lamas de Prado, número 34.

Tamén se acórdase tomar razón da sentenza número 152/2013, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de lugo no recurso contencioso-administrativo número 216/2011-A, que foi confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 27 de febreiro de 2014 na sentenza número 178/14, ditada no recurso de apelacion.

Así mesmo, acórdase tomar razón da sentenza número 154/2013, ditada polo Xulgado Contencioso-administrativo número 1 de lugo no recurso contencioso-administrativo número 217/2011-B, que foi conformada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 27 de febreiro de 2014 na sentenza número 180/14, ditada no recurso de apelacion.

Código Seguro de verificación:DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	12/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==	PÁGINA	1/3



DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==

Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Poeta Noriega Varela, número 54.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por persoal do Cemiterio de San Froilán.

Tamén se acorda o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados polo funcionario adscrito a Protocolo.

Acórdase aprobar a proposta no expediente disciplinario incoado ao funcionario Encargado do Mercado de Frigsa.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase o reaxuste dos prezos máximos dos contratos correspondentes á subministración de diversos consumibles de papelería, mediante acordo marco, lote número 2 diverso material de imprenta e lote número 3, material de oficina non inventariable.


Acórdase a prórroga do contrato do contrato administrativo correspondente á prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de "As Pedreiras" e outras instalacións deportivas municipais, asinado dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 14 de xullo de 2014, ou data na que se adxudique novamente, contado con efectos retroactivos.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para construción dun edificio na parcela 4A da Unidade de Actuación Sur-2 na rúa Illa Coelleira, 7, pola que ingresou a autoliquidación número 5445333, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 15.002,37 €.

5. PLAN URBAN.- Acórdase desestimar o recurso de reposición exercitado fronte ao decreto número 14001405, do 13 de febreiro de 2014, ditado pola Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación polo que se resolve declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida a este beneficiario no marco da convocatoria de axudas a empresas da zona urban para o apoio a novas actividades económicas na zona urban.

Código Seguro de verificación:DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	12/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==	PÁGINA 2/3


DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Réxime de substitución do Xefe da Asesoría Xurídica.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	12/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==	PÁGINA 3/3



DqOJ0zrBFAHomtCht1P2tQ==